

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar ordinario celebrado o **mércores día 20 de setembro de 2023**, ás 11:10 horas, na aula 5, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Presentación do novo curso escolar.
3. Aprobación, se procede, da participación do centro en Contratos Programas e Proxectos do centro.
4. Rogos e preguntas.

Preside a reunión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten as persoas que figuran na folla que se achega.

Sométese á aprobación do consello o contido da acta da última reunión. Apróbase por maioría.

O director toma a palabra e informa ao consello da participación dun grupo de alumnos nun documental sobre o uso das redes sociais. Agradece o esforzo deste alumnado que permaneceu toda a tarde no centro gravando varios capítulos para a produtora. Valora esta oportunidade de dar a palabra os rapaces e poder escoitar así a súa visión que non sempre coincide coa nosa visión de adultos.

Joel Covelo engade que él foi un dos participantes e tamén valora positivamente poder escoitar diferentes puntos de vista.

Víctor engade que o documental está asesorado por un experto na materia e que sería bo para o noso centro escoitalo e poder contar coa súa axuda.

A continuación o director pasa a enumerar os Contratos Programa para os que solicita aprobación do consello:

- No CP Inclúe:

Convívete, coordinado Arturo Ibañez. Pode coordinarse co grupo de convivencia e tamén traballar o tema das redes sociais. Estase pensando en formar alumnos como mediadores. Joel Covelo comenta que noutros institutos xa existen os mediadores e que pensa que sería moi boa idea.

- No CP Innova:

Eduostenibilidade, coordinado por Andrea Rolo. Continuarase ca recollida selectiva do lixo e intentarase mellorar a limpeza nas pistas exteriores.

Eduinnova, coordinado por Laura Sánchez. Partirán de actividades desenvoltas na materia de matemáticas e lingua como por exemplo unha viaxe que está organizando o alumnado de primeiro.

Eduexcelencia, coordinado por Ana Rodríguez. Neste programa desenvolverase entre outras actividades todo o traballo previo á participación na Olimpíada de filosofía que este ano versará sobre o uso do tempo libre.

- O **Club de ciencia**: continuará desenvolvéndose os luns ao mediodía e participarán moitos departamentos con distintas actividades como un taller de papel reciclado.
- Nos Plan Proxecta solicitamos:
 - **Meteoescolas**, a coordinadora Cristina Salgado toma a palabra para explicar que este curso participan moitos profesores de distintas materias e xurdirán proxectos moi interesantes.
 - **Fotografía en curso**, trátase dun programa novo no centro que coordinará Emma Alonso. Versa sobre o uso da fotografía como ferramenta didáctica. Será difícil que o concedan porque existen poucas prazas. O profesorado recibe formación.
- Polos creativos: Será o segundo ano no centro. O curso pasado recibimos moito material, montouse a aula creativa e o profesorado recibiu formación. Este ano toca desenvolver proxectos co alumnado e usar ese material. Unha idea é traballar sobre a renovación da marquesina da entrada. Temos que pensar en que edificio nos gustaría ter de aquí a dez anos. Existen melloras máis complicadas e outras máis viables a curto prazo como por exemplo unha idea achegada polos pais na reunión de principio de curso que é instalar un pasamáns nas escaleiras do centro, un proxecto pequeno que melloraría a accesibilidade no noso centro.

Por maioría absoluta aproba o consello a participación do centro nestes programas expostos.

O director informa ao consello de que a Xunta vai cambiar a iluminación do centro pero non vai cambiar os teitos vellos, unha decisión da administración que non se entende ben. Explica que solicitou unha reunión con xefatura para intentar resolver este problema.

Fálase do problema do Vitrasa ca representante do concello, Rita Rielo. A empresa non respondeu á petición do curso pasado e segue sen dar solucións a curto prazo.

O director informa de que escribirá de novo ao concello solicitando que a línea do Vitrasa que pasa polo instituto axuste cinco minutos o seu horario para que os rapaces non perdan dez minutos de clase cada día. Tamén solicitará unha praza de minusválidos no parque de estacionamento e un cartel de aviso de multa por deixar lixo fóra dos colectores. Pedirá a colaboración da policía local para controlar o tráfico na saída e entrada do alumnado e tamén un estudo para facer un acceso peonil do autobús ao centro e evitar posibles accidentes.

Tras esta intervención, dáse por rematada a sesión ás 11:40.

En Vigo, a 20 de setembro de 2023

O director

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz

